

OUT\_NOV 2014



# APRENDER PARA EDUCAR

ESPAZOS FORMATIVOS DIRIXIDOS A NAIS E PAIS



ORGANIZA:



COLABORA:



# APRENDER PARA EDUCAR

## 1. A PRESENZA DOS MENORES NA REDE

A través desta charla preténdese que nais e pais coñezan o “momento” e momentos oportunos para que os seus fillos e fillas se conecten, o uso que poden facer –e de feito fan– de Internet, para ben e para mal, e ser conscientes de que a presenza dos menores na Rede é inevitable, necesaria e desexable. Partindo desta premisa, como pais e como nais convén coñecer (e este será o programa da charla):

- As principais ferramentas que usan, principalmente a través do móbil.
- Os principais riscos aos que están expostos.
- As precaucións que se deben tomar.
- O moito positivo que a Rede lles achega.

Facilitarase aos asistentes unha serie de recursos on line onde poder afondar na materia.

**RELATOR: JORGE CASTRO RUSO, AUTOR DA PÁXINA WEB “MENORES EN REDE” E TRABALLADOR DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA.**

## 2. A FAMILIA COMO CONTEXTO SOCIALIZADOR

O papel das familias é fundamental para educar, para combater calquera tipo de violencia. As criaturas aprenden dentro da familia a integrar as súas relacións, absorben como esponxas os xeitos de se comportaren das persoas adultas. Como nais e pais tedes unha grande responsabilidade no establecemento de boas pautas para que as relacións que establezan con posterioridade as vosas fillas e fillos sexan as axeitadas. Nada se

improvisa: unha persoa que adopta o papel de vítima ou de maltratadora ten unha historia detrás que a condicionou. Consideramos que a coeducación é a fórmula para superar as desigualdades, significando coeducar, educar de acordo con todos aqueles aspectos positivos que se consideren necesarios para calquera persoa, independentemente de se naceu nena ou neno. A desigualdade fomentada é a semente da violencia de xénero.

**RELATORA: M<sup>ª</sup> LUÍSA ABAD, ORIENTADORA E AUTORA DE NUMEROSAS PUBLICACIÓNS SOBRE TEMAS DE IGUALDADE.**

## A LARACHA

- CASA DA CULTURA
- RÚA ROSALÍA DE CASTRO S/N
- 20:00 H

**A PRESENZA DOS MENORES NA REDE**

**VENRES, 17 DE OUTUBRO**

**A FAMILIA COMO CONTEXTO SOCIALIZADOR**

**VENRES, 31 DE OUTUBRO**

## CARBALLO

- FORUM
- PRAZA DOS BOMBEIROS VOLUNTARIOS
- 20:30 H

**A PRESENZA DOS MENORES NA REDE**

**VENRES, 14 DE NOVEMBRO**

**A FAMILIA COMO CONTEXTO SOCIALIZADOR**

**VENRES, 21 DE NOVEMBRO**

## CORCUBIÓN

- CASA DA CULTURA
- RÚA MÉDICO VICENTE FRAGUELA, 14
- 20:00 H

**A FAMILIA COMO CONTEXTO SOCIALIZADOR**

**VENRES, 14 DE NOVEMBRO**

**A PRESENZA DOS MENORES NA REDE**

**VENRES, 21 DE NOVEMBRO**

## CABANA

- AUDITORIO MUNICIPAL
- A CARBALLA, S/N. CESULLAS
- 18:30 H

**A PRESENZA DOS MENORES NA REDE**

**MÉRCORES, 29 DE OUTUBRO**

## LAXE

- CPI CABO DA AREA
- RÚA ISIDRO PARGA PONDAL, 45
- 19:30 H

**A FAMILIA COMO CONTEXTO SOCIALIZADOR**

**VENRES, 7 DE NOVEMBRO**

## BETANZOS

- EDIFICIO LICEO – SALA AZUL
- PRAZA DE GALICIA
- 19:00 H

**A FAMILIA COMO CONTEXTO SOCIALIZADOR**

**VENRES, 17 DE OUTUBRO**

**A PRESENZA DOS MENORES NA REDE**

**VENRES, 31 DE OUTUBRO**





# APRENDER PARA EDUCAR

ESPAZOS FORMATIVOS DIRIXIDOS A NAIS E PAIS

A familia xoga un papel fundamental no desenvolvemento das persoas porque é no seo familiar onde se realizan as primeiras aprendizaxes básicas e segue a ser, durante a infancia e adolescencia, un marco referencial de aprendizaxe da convivencia, de normas de conduta, de educación de sentimentos, etc.

A colaboración estreita das familias e a escola é fundamental para garantir unha formación integral de rapazas e rapaces.

A AS-PG ten un longo percorrido na organización de espazos formativos dirixidos a nais e pais en moitas localidades do país por considerar que a familia é o primeiro chanzo na formación de nenas e nenos.

ORGANIZA:



COLABORA:



Deputación  
DA CORUÑA

FEDERACIÓN



CostadaMorte